



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 61**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

Servizo de Contratación

Contratación do servizo de monitores para realización de actividades de verán

Desde o Departamento de Cultura tódolos anos se organizan unha serie de actividades que se desenvolven baixo o nome dos seguintes programas: Campus deportivo, Concilia Xuño e Verán Activo.

Para levar a cabo ditos programas é preciso contar con varios monitores debido a que o persoal co que conta o concello non é suficiente para poder atender e coordinar as actividades, e ademais nestas épocas os traballadores poden solicitar as súas vacacións anuais, circunstancia que tamén se ten en conta nesta contratación.

Polo tanto, é preciso solicitar ofertas ás empresas capacitadas coa finalidade de poder realizar a contratación dos monitores que se precisan segundo as circunstancias e características das actividades a impartir. As actividades desenvolveranse nas instalacións municipais e terase en conta o número de asistentes para a contratación do persoal necesario.

A programación sería a seguinte:

Campus deportivo

Desenvolveranse actividades deportivas

Días 23, 27, 28, 29 e 30 de xuño

Horario: de 10 a 20 h

Concilia Xuño

Desenvolveranse actividades lúdicas e de tempo libre

Días 23, 27, 28, 29 e 30 de xuño

Horario: de 10 a 15 h

Verán Activo

Desenvolveranse actividades lúdicas e de tempo libre, como por exemplo, xincanas, xogos, teatro, actividades acuáticas e deportivas, así como obradoiros creativos de pintura, maquillaxe, conta contos con papiroflexia, etc.

2 quincenas de agosto (de luns a venres)

2 quincenas de xullo (de luns a venres)

Horario: de 10 a 14 h

Patinaxe

Mes de xullo (martes e xoves)

De 10 a 11 h

Urxe a contratación, porque as actividades terían que comezar o vindeiro día 23. O custo estimado do contrato, tendo en conta o gasto dos pasados anos, sería de aproximadamente 4.000,00 euros. Debido á duración do contrato (2 meses e medio) e ó seu importe, estaríamos ante un contrato menor. O custo do mesmo sería aboado cos ingresos dos participantes e coa subvención da Deputación da Coruña para actividades culturais.

Polo tanto, e para dar cumprimento ás bases de execución do presuposto, solicítanse ofertas a 3 empresas capacitadas, polo que

Resolvo:

1 Solicitar presupostos ás seguintes empresas para contratar os monitores necesarios para a realización dos diversos programas que se desenvolven no Departamento de Cultura desde o día 23 de xuño ata finais do mes de agosto. Tamén se publicará no perfil do contratista da páxina web municipal

CPM Eventos

Sta. Cruz de Rivadulla

Vedra

Vagalume Xestión Integral de Servizos, SL

Lugar de Vilar, nº 5 – 15882 Touro

Rocío Couto Rendo

Francés, 10

S. Pedro de Vilanova

15885 Vedra

2 As empresas deberán presentar as súas ofertas especificando o custo por hora de cada monitor, por quincena ou segundo o tempo de desenvolvemento de cada actividade. Concederanse 5 días hábiles para a súa presentación.

Boqueixón, 9 de xuño de 2016

O alcalde

Ovidio Rodeiro Tato